

EXERCICIOS LÉXICO POLÍTICO-ADMINISTRATIVO

1. Completa adecuadamente estes fragmentos de noticias tiradas da prensa galega coas seguintes palabras, propias da vida administrativa.

oposición - delito - investimento - escano querela - voceiro -
beneficio - asañamento xuro - reconto - emenda - poxa

- a. Admitida a trámite a presentada pola Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) contra o Grupo EXLABESA. www.galiciadigital.com (28-2-2004)
- b. O Parlamento aproba unha proposta para potenciar a carga de traballo en Izar-Fene. O texto definitivo aprobado incluíu unha do PP. A Nosa Terra (12-5-2003)
- c. Triunfo de Barceló e Chillida nunha londiniense. O cadro de Barceló Pase de peito vendeuse por 806 625 euros, unha das obras máis caras da sesión. Galicia Hoxe (26-6-2004)
- d. Alfredo Vázquez Dorado, do PSOE na corporación celanovesa, e os demais representantes dos grupos municipais da piden que se depuren responsabilidades. A Nosa Terra (6-6-2005)
- e. O fiscal pide 32 anos para quen decidiu raptar a Ortega Lara. A fiscalía considera que os feitos son constitutivos dun de detención ilegal coa agravante de Galicia Hoxe (6-6-2005)
- f. A Xunta financiou a redacción de proxectos de xestión forestal en máis de 170 000 hectáreas de montes, cun superior aos cinco millóns de euros. Galicia Hoxe (4-6-2005)
- g. Camilo Nogueira, do Bloque Nacionalista Galego, quedou finalmente sen o no Parlamento Europeo tras o dos votos realizado durante as últimas horas. Galicia Hoxe (30-6-2003)
- h. O do primeiro trimestre do ano 2004 do Grupo La Caixa obtívose nun contorno caracterizado por tipos de en mínimos históricos. Galicia Hoxe (7-6-2004)

2. Agora clasifica as palabras anteriores segundo o seu ámbito

Ámbito xudicial	Ámbito económico-empresarial	Ámbito político-legislativo

3. Indica o verbo propio do eido da xustiza.

- Rexeitar nun proceso xudicial a alguén por considerar que non reúne todas as condicións necesarias para a súa intervención
- Emitir un xuíz ou xuíza, ou un tribunal, unha sentenza.
- Citar ou presentar algo como proba, defensa ou xustificación nun xuízo.
- Dar por terminado ou paralizar unha autoridade xudicial un proceso cando se dan certos supostos que impiden continualo
- Considerar e declarar a alguén libre dunha culpa ou pena.
- Redimir ou perdoar, total ou parcialmente, o castigo por un delito a un reo.
- Formar unha causa contra unha persoa ante un tribunal de xustiza.
- Poñer cara a cara unha persoa con outra durante un proceso xudicial para que fagan declaracións particulares sobre determinados feitos, para poder tirar nova luz sobre eles.

4. Reescribe estas oracións corrixindo os castelanismos que conteñen.

- Como chegamos a un acordo amistoso sobre o pago do alquiler, xa non iremos ao xuzgado.
- A recaudación da subasta benéfica ascendeu a tres mil euros.
- Teño que consultar uns documentos nos arquivos da cofradía.
- Tras o seu cese, o ex-conselleiro querellouse contra os que o acusaron de soborno.

5. Recoloca os adxectivos destacados. Todos foron cambiados de oración

- a. Na reunión da comunidade esixíronlle á veciña **orzamentaria** que pagase as súas débedas.
- b. A sentenza foi dura porque o acusado era **fidedigno**: xa fora condenado con anterioridade.
- c. Ela foi profesora **preventiva** moito tempo, mais este ano por fin aprobou as oposicións.
- d. Xoán non pode dar un testemuño **privativo** do que ocorreu porque non estivo alí.
- e. Os recursos do seu avogado teñen un fin **reincidente**: só busca atrasar a aplicación da sentenza.
- f. No meu edificio, todos podemos usar o patio. Non é de uso **dilatorio** de ningún veciño.
- g. O xuíz declarou prisión **interina** ante o risco de que o acusado fuxise do país.
- h. Os concelleiros da oposición criticaron a política **morosa** da alcaldía.